

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 20 de marzo de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 20 de febreiro de 2026.

2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA O ANO 2026 DO CIRCUÍTO “+ESCÉNICAS” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA. (EXPTE2026001823)

O presidente dá conta das bases reguladoras do circuítio “+Escénicas” de apoio á programación de artes escénicas en galego nos concellos de ata 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, aprobadas pola Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2026 e publicadas no BOPPO núm. 36, do 23 de febreiro de 2026. Estas bases teñen por obxecto actualizar o catálogo “+Escénicas” e regular e aprobar a convocatoria para o ano 2026 do circuítio, que se desenvolve con cargo á aplicación 26/330.3340.462.04 por un importe total de 205.000,00 €.

Mantense a porcentaxe de cofinanciamento entre Deputación e Concellos das edicións anteriores do circuítio, asumindo a Deputación un 90% no caso das solicitudes dos concellos de ata 5.000 habitantes, un 80% nos de 5.000 a 10.000 e un 70% nos de 10.000 a 20.000, e o importe máximo para a inscrición de espectáculos no catálogo, 7.000,00 €, ive e produción técnica incluídas. Os concellos percibirán unha subvención máxima de 4.000,00 euros, correspondente á porcentaxe de pago do total de espectáculos solicitados, asumindo eles a diferenza co orzamento total. Poderán solicitar ata un máximo de 5 espectáculos do catálogo de artistas, compañías e entidades distintas e no caso de solicitar 4 ou máis, alo menos un deles será da modalidade +Danza.



Os prazos de inscrición e modificación de espectáculos no catálogo “+Escénicas” será do 1 ao 28 de febreiro de cada ano natural, para a solicitude de espectáculos por parte dos concellos do 16 ao 31 de marzo e para a xustificación, antes do 15 de abril de 2027. A programación do circuito desenvolverase entre o 1 de abril de 2026 e o 31 de marzo de 2027.

3.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, ANO 2026 (EXPTE. 2026001820)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas ás entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais no ano 2026, publicadas no BOPPO núm. 46, do 9 de marzo de 2026, que teñen por obxecto definir o conxunto de condicións e o proceso a seguir para a concesión destas axudas en concorrencia competitiva, que teñen por finalidade reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural e incrementar a actividade cultural no noso territorio. Están dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, concretamente para a realización de actividades culturais que reúnan os requisitos e obxectivos especificados nas bases e teñan lugar entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

As axudas convócanse con cargo á aplicación 26/330.3340.489.05 por un importe total de trescentos mil (350.000,00) euros, en dúas liñas de actuación: Liña 1: 290.000 € para actividades de posta en valor do patrimonio, festivais, mostras ou encontros culturais de interese e relevancia provincial; Liña 2: 60.000 € para a participación en festivais, certames ou concursos nacionais e internacionais e intercambios culturais fóra da comunidade galega. O importe máximo da subvención que se conceda non poderá exceder o 75% do seu orzamento nin superar o importe de dous mil cincocentos (2.500,00) euros. O prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e BDNS.

4.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026 (EXPTE. 2025080637)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega, publicadas no BOPPO núm. 31, do 16 de febreiro de 2026, que teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social e nas actividades que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu termo municipal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.



As axudas convócanse con cargo á aplicación 26/334.3340.489.05 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 75% do seu orzamento nin superar o importe de catro mil (4.000,00) euros. O prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e BDNS.

5.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS AOS CONCELLOS PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2026 (EXPTE. 2025080637)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas aos concellos para actividades de dinamización lingüística, publicadas no BOPPO núm. 51, do 16 de marzo de 2026, que teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social e nas actividades que organicen os concellos de menos de 50.000 habitantes no seu termo municipal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

As axudas convócanse con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros e non poderán superar o 75% do orzamento presentado para a súa realización. O prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e BDNS.

6.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (EXPTE: 2025080411)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro, para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2026, publicadas no BOPPO núm. 44, de 5 de marzo de 2026. O obxecto destas bases é regular a convocatoria pola que se rexerán a concesión, o seguimento e a xustificación de subvencións destinadas á recuperación e á posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia para o seu uso en actividades de promoción sociocultural. As entidades solicitantes deberán seleccionar unha das seguintes liñas de actuación: liña 1: embarcacións tradicionais, liña 2: aparellos de pesca e demais elementos vinculados á cultura marítimo-fluvial e liña 3: construcións e instalacións en terra.

Estas subvencións convócanse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/332.3322.789.01 por un importe total de noventa mil euros (90.000,00 €). O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80% do seu orzamento nin superar o importe de dez mil euros (10.000 €). No caso de que os proxectos financiados non esgoten a partida orzamentaria,



poderá superarse este límite, baixo os criterios de proporcionalidade e respectando a concorrência competitiva, así como a valoración técnica do proxecto. O prazo de presentación de solicitudes é de un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na BDNS.

7. DAR CONTA DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS DE RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL DO ANO 2025 (EXPTE: 2024083219)

O presidente dá conta da aprobación, pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2026, da concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025. As bases para estas subvencións, foron publicadas no BOPPO núm. 190, de 6 de outubro de 2025, cun orzamento de noventa mil (90.000,00) euros. Fiscalizadas as correspondentes solicitudes e trala reunión da comisión de valoración instituída para tal fin, con data 23 de xaneiro de 2026, admitíronse favorablemente un total de 12 solicitudes presentadas en tempo e forma, que seguen os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que figuran na relación con CSV: 8CXMgKU68WQNogoD e se relacionan a continuación, e excluíronse 9 solicitudes que figuran na relación co CSV: JUZP98R8B1DGMNW8.

Expediente	NIF/IF	Entidade	Obxecto subvención	Presuposto	Solicitud	Valor	Asignado	%
2025071431	G372974108	ASOC CULTURAL CORNAMUSA AROUSA	Reparación da embarcación tipo Raca "Catuxa"	11.858,00 €	9.486,40 €	68	9.486,40 €	80
2025070682	G36381408	CLUB MARIÑO A REBOA	Reparación da embarcación "Luisa II"	1.876,23 €	1.500,98 €	73	1.500,98 €	80
2025070797	G36484932	ASOC CULTURAL, DEPORTIVA E PROMOTORA DE ACTIVIDADES XUVENIS FASQUJA	Traballos de mellora en doma tope "Lavanquira"	8.009,70 €	6.407,76 €	71	6.407,76 €	80
2025071401	G36039808	SOCIEDAD DEPORTIVA SAMERTOLAMEU	Rehabilitación do edificio do foso de adestramento de neno de banco fixo	13.340,40 €	10.000,00 €	83	10.000,00 €	74,96
2025070219	G36353464	AMIGOS DAS EMBARCACIONES TRADICIONAIS	Equipamento de velorio para a doma "Mareira I"	4.537,50 €	3.630,00 €	62	3.630,00 €	80
2025071191	G36307247	AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO	Proxecto de arranxo e mellora da doma Nai "Sufreira"	14.066,42 €	11.253,14 €	72	11.253,14 €	80
2025067194	G36031292	A.D. CULTURAL DORNA	GALEÓN REY DO MAR	7.719,80 €	6.175,84 €	65	6.175,84 €	80
2025070700	G36472306	ASOCIACION RECREATIVA E CULTURAL SUESTE	Rehabilitación do galeón "Elisoo"	7.848,98 €	6.279,18 €	79	6.279,18 €	80
2025071125	G36799331	ASOCIACION DE MARINEROS ARTESANALES Y DEPORTIVOS SAN MIGUEL DE BOUZAS	Adquisición de motor para a embarcación bucota "A Fanequira"	10.285,00 €	8.228,00 €	66	8.228,00 €	80
2025070836	G36438273	MAR DA PEDRA DE AMIGOS DAS CAMELAS	Restauración da gandra coxueira "Rula"	4.779,63 €	3.839,70 €	75	3.839,70 €	80
2025069383	G94151446	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELA TRADICIONAL CAMBADOS	3ª fase de rehabilitación da Doma Anexa	14.828,55 €	11.862,84 €	80	11.862,84 €	80
2025070013	G02805455	ASOCIACION CULTURAL DS ILLA DE AROUSA	Mantemento do barco "San Pedro"	11.792,50 €	9.434,00 €	65	9.434,00 €	80

8.- DAR CONTA DAS BASES DO CONCURSO ESCOLAR CANTA ROSALÍA! 2026 (EXPTE. 2026008850)

O presidente dá conta da convocatoria da segunda edición do Concurso Escolar Canta Rosalía!, organizado pola Deputación de Pontevedra co gaio do Día de Rosalía, que se conmemora cada ano o 23 de febreiro, coincidindo coa da de nacemento da autora. O concurso ten o formato de poemas musicados, co obxectivo de poñer en valor a vida e obra de Rosalía de Castro, de achegala ao público máis novo dun xeito lúdico e didáctico e de promover o uso da lingua galega entre o alumnado coa visión dunha Rosalía cantada e musicada.



Nas bases da convocatoria, as cales foron publicadas na páxina web da Deputación de Pontevedra e enviadas a todos os centros escolares da provincia, recóllense as normas do concurso, que está dirixido ao alumnado de primaria e secundaria dos centros escolares e de educación especial da provincia de Pontevedra. Dito alumnado poderá participar de xeito grupal na categoría correspondente, segundo o curso escolar: “Campaniñas” (1º, 2º e 3º de primaria), “Airiños” (4º, 5º e 6º de primaria), “Fontiñas” (ESO) e “Paxariños” (educación especial).

Os premios constarán duns lotes de produtos didácticos e musicais valorados nun máximo de catro mil cincocentos (4.500,00) euros e unha actuación ou actividade cultural para cada 1º premio valoradas nun máximo de tres mil cincocentos (3.500,00) euros. A contía dos premios consignarase con cargo á aplicación 26/330.3340.226.09 do Orzamento provincial. O prazo de presentación das creacións remata o 20 de marzo de 2026.

9.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A SELECCIÓN DO COMISARIADO DA 33ª BIENAL DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2025063411)

O presidente dá conta da acta do xurado do concurso de proxectos para a selección do comisariado da 33ª Bienal de Pontevedra, e a conseguinte resolución do requirimento para a adxudicación do concurso.

ACTA DO DÍA 13 DE MARZO DE 2026, RELATIVA Á APERTURA DOS SOBRES “B”, CORRESPONDENTES Á DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E Á IDENTIFICACIÓN DOS AUTORES DAS PROPOSTAS DO CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A SELECCIÓN DO COMISARIADO DA 33ª BIENAL DE PONTEVEDRA.

ORDE DO DÍA:

1. *Apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación administrativa e á identificación dos autores das propostas do concurso de proxectos, con intervención de xurado, para a selección do comisariado da 33ª Bienal de Pontevedra (Expte. - 2025063411).*

DESENVOLVEMENTO:

Unha vez adoptada a decisión do xurado e emitido o correspondente fallo, con data 13 de marzo de 2026, procédese á apertura dos sobres “B”, correspondentes á documentación administrativa e á identificación dos autores das propostas presentadas ao concurso de proxectos, con intervención de xurado, para a selección do comisariado da 33ª Bienal de Pontevedra, deixando constancia no expediente do selo de tempo da devandita apertura (CSV: JSYKF1X6PTVLFVYA).

Revisada a documentación contida nos devanditos sobres, conséntase a declaración de permanencia no anonimato daqueles participantes que non resultasen gañadores, polo que unicamente se procede á identificación da proposta gañadora, conforme ao seguinte:



LEMA DA PROPOSTA

"A LAPA DO SOLDADOR"

AUTOR/ES DA PROPOSTA

Ángel Calvo Ulloa (NIF: 44089539-B)

Juan Canela Claver (NIF:18164364-E)

Finalizado este trámite, acórdase trasladar a documentación aos servizos dependentes do órgano de contratación para que procedan a efectuar o requirimento da documentación correspondente, de conformidade co establecido na cláusula 8 das bases administrativas que rexen o concurso e ao abeiro do artigo 150.2 da LCSP. Asimesmo, procédese a dar traslado do resultado ao órgano de contratación para que adopte os acordos que proceda en relación á adxudicación do concurso e á concesión dos primeiro premio.

E para que conste, esténdese a presente acta.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

